

## APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

O 19 de maio de 2023, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O PXMA prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que agrupan os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte das súas respectivas estruturas e os das entidades adscritas a elas.

Así mesmo, segundo o PXMA, coa aprobación dos seus propios plans declárase o compromiso das consellerías coa política de integridade e prevención de riscos establecida no PXMA.

O 22 de febreiro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo coa estrutura vixente nese momento, segundo o previsto no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O día 27 de maio de 2024 foi publicado no Diario Oficial de Galicia o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e se derroga o anterior. De acordo coas previsións deste novo decreto:

- As competencias e a organización correspondentes á Secretaría Xeral de Política Lingüística, á Dirección Xeral de Cultura, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á Axencia Galega das Industrias Culturais e á Fundación Cidade da Cultura, son asumidas pola nova Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Adscríbese á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a Axencia Galega de Innovación.



En consecuencia, procede aprobar o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

| CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE                             | DATA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN |
|-------------------------------------------------------|--------------------------------|
| Secretaría Xeral Técnica.                             | 09/11/2023                     |
| Secretaría Xeral de Universidades.                    | 12/02/2024                     |
| Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. | 02/02/2023                     |
| Dirección Xeral de Formación Profesional.             | 21/11/2023                     |
| Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.        | 09/02/2023                     |
| Axencia Galega de Innovación.                         | 16/07/2024                     |

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

O plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que se insire a continuación.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

*(asinado dixitalmente á marxe deste documento)*



# PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

## ÍNDICE

|      |                                                                                  |   |
|------|----------------------------------------------------------------------------------|---|
| 1.   | INTRODUCCIÓN .....                                                               | 1 |
| 2.   | CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA .....                                             | 1 |
| 3.   | RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS .....                          | 2 |
| 4.   | ANEXOS .....                                                                     | 3 |
| 4.1. | PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA .....                                | 3 |
| 4.2. | PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES .....                       | 3 |
| 4.3. | PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN<br>EDUCATIVA ..... | 3 |
| 4.4. | PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL .....                | 3 |
| 4.5. | PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS<br>3            |   |
| 4.6. | PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN .....                            | 3 |



## 1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 22 de febreiro de 2024 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, acorde coa estrutura e a distribución de competencias establecidas no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Porén, a aprobación dunha nova estrutura co Decreto 138/2024, do 20 de maio, fai precisa unha adaptación do plan anterior.

O presente documento inclúe os plans específicos de riscos de xestión e medidas antifraude xa aprobados en febreiro de 2022 (Secretaría Xeral Técnica, Secretaría Xeral de Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Dirección Xeral de Formación Profesional e Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos), así como o plan específico da Axencia Galega de Innovación, que se incorporan como anexos.

## 2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

### Norma reguladora

Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

### Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento; as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Formación Profesional.



## Estrutura

Segundo o previsto no artigo 2 do Decreto 138/2024, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da persoa titular, estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- a) A persoa titular da Consellería.
- b) A Secretaría Xeral Técnica.
- c) A Secretaría Xeral de Universidades.
- d) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- e) A Dirección Xeral de Formación Profesional.
- f) A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

2. Quedan adscritas a esta consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- a) A Axencia Galega de Innovación.
- b) A Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia.

3. Así mesmo, queda adscrito a esta consellería o seguinte organismo:

A Real Academia Galega de Ciencias, a través da Axencia Galega de Innovación.

## 3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, neste plan procédese a designar como órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos desta consellería á persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico.

Así mesmo, os órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no ámbito de actuación das entidades instrumentais adscritas a esta Consellería, aparecen designados no seus respectivos plans específicos.

A estes órganos ou unidades responsables correspóndenlles as seguintes funcións:



- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses , en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería e os órganos de goberno ou executivo das entidades adscritas, respectivamente.

#### 4. ANEXOS

- 4.1. PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- 4.2. PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
- 4.3. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
- 4.4. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- 4.5. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
- 4.6. PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

